

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE TURISMO, ACCIÓN
COMUNITARIA, IMPULSO RURAL E MEDIO AMBIENTE DO DÍA 05/09/2025

ASISTENTES

PRESIDENTE: D. Javier Tourís Romero

VOGAIS: D. Jorge Cubela López

D. Marcos Guisasola Padín, en substitución de,
D^a. Luisa María Sánchez Méndez
D^a María Sandra Bastos Míguez, en substitución de,
D. Rafael Domínguez Artime
D. Ricardo Martínez Chantada
D. Jesús Vázquez Almuíña
D^a. María Pilar Ramallo Vázquez
D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso
D^a. María Nava Castro Domínguez
D^a. Digna Rosa Rivas Gómez
D. Javier Iglesias Mougán
D. Paco Ferreira González
D. Gregorio Luis Agís Gómez
D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez
D. Gorka Gómez Díaz
D^a. Beatriz Lomba Rodríguez
D^a. María Manuela Rodríguez Pumar

Sendo as doce horas e dez minutos do día cinco de setembro do ano dous mil vinte e cinco, reúnen no Pazo Provincial os Sres./as. Deputados/as arriba relacionados, en sesión extraordinaria, e baixo a Presidencia de D. Javier Tourís Romero. Actúa como secretaria a Xefa do servizo de Medio Ambiente D^a. Concepción López Paz.



Aberta a sesión polo Presidente, pásase ó estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, sobre os que recaeron os seguintes ditames:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (expte. 2025052196)

Apróbase a acta da sesión anterior (CSV: 3Z3FAIJKPGQIXNEW), correspondente á sesión ordinaria celebrada o vinte e catro de xullo do ano dous mil vinte e cinco co voto favorable de todos os membros da Comisión.

2.-DAR CONTA DO COMENZO DO PROGRAMA +BOSQUES (Expedientes 22025026265/2025026774)

De conformidade co establecido nos artigos 123 e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta a Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente do informe que segue, co seguinte teor literal:

“DAR CONTA DO COMENZO DO PROGRAMA +BOSQUES (Expedientes 22025026265/2025026774).

O pasado 2 de agosto deu comezo o programa +BOSQUES, baseada nunha técnica orixinaria do Xapón e que consiste en internarse na natureza con fins terapéuticos.

Os baños de bosque baséanse en diferentes programas de investigación a nivel mundial e cuxos resultados amosan efectos fisiolóxicos que favorecen a relaxación mental e física.

O programa +Bosques da Deputación de Pontevedra, engloba a realización de visitas guiadas a enclaves singulares da provincia de Pontevedra, adaptadas ao patrimonio natural e cultural de cada entorno e como unha experiencia terapéutica e enriquecedora.

Porén, son actividades moi completas nas que converxen a educación ambiental, como camiño para fomentar a conciencia relativa aos problemas ambientais e promover a conservación e protección do patrimonio natural e cultural, e a promoción da saúde como actividades a través das cales a cidadanía pode desconectar da rutina e familiarizarse con hábitos saudables que desencadean unha serie de beneficios para o organismo.

Tendo en conta o anterior, o programa +Bosques presenta 7 percorridos polos seguintes espazos naturais: a Ruta da Xabriña (Covelo), a Ruta da Pedra e da Auga



(Meis), O Carreirón (A Illa de Arousa), cabo Udra (Bueu), o pazo de Lourizán (Pontevedra), a illa de Tambo (Poio) e o río Eifonso (Vigo). En todos os casos buscouse que fosen accesíbles, considerando as particularidades de cada zona.

O programa está destinado ao público en xeral, podendo participar 720 persoas no total das rutas, e desenvolverase ao longo dos meses de agosto, setembro e outubro de 2025.

Documento asinado electrónicamente"

A Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente queda enterada do estado do expediente referido "ut supra".

3.- DAR CONTA DA CELEBRACIÓN DA VI E VII EDICIÓN DA ESCOLA DE INICIACIÓN DE FUTUROS GANDEIROS NA FINCA MOURISCADÉ NOS MESES DE XULLO E AGOSTO

De conformidade co establecido nos artigos 123 e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta a Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente do informe que segue, co seguinte teor literal:

"DAR CONTA DA CELEBRACIÓN DA VI E VII EDICIÓN DA ESCOLA DE INICIACIÓN DE FUTUROS GANDEIROS NA FINCA MOURISCADÉ NOS MESES DE XULLO E AGOSTO

Entre os días 28 de xullo a 1 de agosto e 18 a 22 de agosto tiveron lugar na granxa da Finca Mouriscadé a VI e VII edición da Escola de Iniciación de Futuros Gandeiros organizadas pola Federación Frisona Galega en colaboración co Clube de Xóvenes Gandeiros.

Ditas edicións desenvóléronse có obxectivo de atender a ampla demanda que tiveron edicións anteriores celebradas no ano 2023 e 2024 nas mesmas instalacións da granxa da Finca Mouriscadé.

Na VI edición participaron 26 rapaces e rapazas e 23 na VII edición.

Son rapazas e rapaces de idades comprendidas entre os 8 e os 20 anos que proceden de diferentes concellos das provincias de Pontevedra, A Coruña e Lugo, así como da Comunidade de Madrid e País Vasco.

Ó longo das cinco xornadas de cada un dos cursos os participantes abordaron temas como o encamado, alimentación, muxido, morfoloxía, pelado e manexo das vacas da granxa da finca e demostraron as súas habilidades no acto de clausura do curso.



Documento asinado dixitalmente

A Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente queda enterada do estado do expediente referido “ut supra”.

4.- DAR CONTA DA APROBACIÓN DO PROTOCOLO DE ACTUACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE ANÁLISES E IDENTIFICACIÓN DE PRAGAS DE CUARENTENA ENTRE A DIREÇÃO GERAL DE ALIMENTAÇÃO E VETERINÁRIA (DGAV) DE PORTUGAL E A ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA AREEIRO (DIPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, ESPAÑA). EXPEDIENTE 2025047392

De conformidade co establecido nos artigos 123 e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta a Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente do informe que segue, co seguinte teor literal:

“DAR CONTA DA APROBACIÓN DO PROTOCOLO DE ACTUACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE ANÁLISES E IDENTIFICACIÓN DE PRAGAS DE CUARENTENA ENTRE A DIREÇÃO GERAL DE ALIMENTAÇÃO E VETERINÁRIA (DGAV) DE PORTUGAL E A ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA AREEIRO (DIPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, ESPAÑA). EXPEDIENTE 2025047392

En agosto de 2025 aprobouse o protocolo de actuación para a realización de análise e identificación de pragas de corentena entre a Dirección geral de Alimentação e Veterinária (DGAV) de Portugal e a Estación Fitopatolóxica Areeiro (Deputación de Pontevedra, España).

As pragas incluídas neste protocolo preséntanse na seguinte táboa:

Praga

<i>Aleurocanthus citripertus</i>	<i>Keiferia lycopersicella</i>
<i>Aleurocanthus spiniferus</i>	<i>Lycorma delicatula</i>
<i>Aleurocanthus woglumi</i>	<i>Nemorimyza maculosa</i>
<i>Ceratocystis platani</i>	<i>Neoleucinodes elegantalis</i>
<i>Diaphorina citri</i>	<i>Pityophthorus juglandis</i>
<i>Elsinoë fawcettii</i>	<i>Scirtothrips aurantii</i>



<i>Eotetranychus lewisi</i>	<i>Scirtothrips citri</i>
<i>Epitrix cucumeris</i>	<i>Scirtothrips dorsalis</i>
<i>Epitrix papa</i>	<i>Tecia solanivora</i>
<i>Epitrix subcrinita</i>	<i>Tilettia indica</i>
<i>Epitrix tuberis</i>	<i>Tomato Leaf Curl New Delhi Virus</i>
<i>Geosmithia morbida</i>	<i>Toxoptera citricida</i>
<i>Grapevine flavescence doree phytoplasma</i>	<i>Trioza eryteae</i>
	<i>Unaspis citri</i>

Polo momento, no que levamos do mes de agosto recibíronse no laboratorio da EFA 35 mostras para a determinación de diferentes pragas que están analizándose no laboratorio e pendentes de resultados.

Pontevedra, na data da súa sinatura electrónica"

A Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente queda enterada do estado do expediente referido "ut supra".

5.- ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por finalizada a reunión, sendo as doce horas e quince minutos, do que, como secretaria, dou fe.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

A secretaria da Comisión,

(documento asinado electronicamente)

Concepción López Paz

